

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA, PARA PROMOVER A ACCESIBILIDADE E A PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS XORDAS E XORDO-CEGAS NAS ACCIÓNS DE DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN REALIZADAS POLA CONSELLERÍA NOS ESPAZOS NATURAIS DE GALICIA

(1) Esta consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, conforme o establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos estreitar relacións que fomenten a accesibilidade de persoas xordas aos espazos naturais protexidos da Comunidade Autónoma Galega e a colaboración no cumprimento da lexislación vixente en ámbitos estratéxicos do desenvolvemento persoal e social das persoas xordas e, de forma específica, na accesibilidade a través da Lingua de Signos Española.

(2) **Antecedentes** O artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía de Galicia faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais, da flora e fauna silvestres, da paisaxe e dos elementos singulares da xeografía de Galicia que polo seus valores e interese científico, paisaxístico, cultural e histórico requiriran unha especial atención.

Ao abeiro do anterior promulgáronse os Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, 1234/1983 do 20 de abril, e 1535/1984, do 20 de xuño, de traspaso de funcións e servizos á comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Que a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (en diante FAXPG) é unha Organización Non Gubernamental sen ánimo de lucro, fundada o día 11 de novembro de 1979 e declarada de Utilidade Pública por Orden do Ministerio de Interior INT/1624/2005 en data 27 de abril de 2005, que ten como misión “acadar o desenvolvemento integral das persoas xordas de Galicia, en condicións de accesibilidade universal, preservando a LSE como o noso valor principal”.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia o instrumento convencional arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 16 de decembro de 2021 ata o 15 de decembro 2022.

(4) O convenio ten por obxecto establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia co fin de fomentar a accesibilidade das persoas xordas e xordocegas ás accións de difusión, sensibilización e promoción da sustentabilidade do medio ambiente desenvolvidas pola consellería no seu ámbito de actuación, especialmente as relativas aos espazos naturais protexidos da Comunidade Autónoma Galega, impulsando medidas que promovan a igualdade de oportunidades e a non discriminación, así como contar coa participación e o servizo especializado da FAXPG nas accións de comunicación, difusión e similares que realice a consellería, mediante o servizo de intérprete de Lingua de Signos Española e Guías-Interpretes para persoas xordo-cegas.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:



Segundo o artigo 34 da Lei 10/2014 de 3 de Decembro de Accesibilidade, “as administración públicas de Galicia promoverán a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, como os intérpretes de linguas de signos, que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación, en todos os ámbitos [...]”, así como “[...] fomentarán a formación de profesionais intérpretes de lingua de signos e de guías intérpretes de persoas xordas, con discapacidade auditiva e persoas xordocegas, de modo que facilite a comunicación directa á persoa, promovendo así mesmo a existencia nas distintas administración públicas deste persoal especializado”.

A FAXPG conforme aos seus estatutos aprobados o 16 de xuño de 2018 é a entidade de referencia na Comunidade Autónoma Galega para a representación dos intereses de todas as persoas xordas e xordocegas de Galicia, a prestación de servizos de calidade na atención a persoas xordas e xordocegas de Galicia e os seus familiares e a defensa e conservación da lingua de signos española.

Actualmente está composta por oito Asociacións afiliadas coas que comparte os obxectivos comúns de promover a integración social das persoas xordas e xordocegas; acadar unha efectiva igualdade de oportunidades no acceso á educación e ao emprego que garantan a integración educativa, sociolaboral e cultural; acadar a accesibilidade no medio social e a eliminación das barreiras de comunicación; crear as condicións para que as persoas xordas e xordocegas sexan cidadáns de pleno dereito na nosa sociedade; loitar polo recoñecemento oficial da Lingua de Signos Española en Galicia e polo dereito a recibir unha educación bilingüe; e conseguir elevar o nivel de desenvolvemento social e educativo das persoas xordas e xordocegas.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia ten entre as súas funcións as de promover todas aquelas actividades que, individual ou socialmente, favorezan a integración das persoas xordas e/ou con discapacidade auditiva e, en xeral, dar resposta ás súas necesidades.

Con esta finalidade presta, entre outros servizos, o Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos Española e Guías-Intérpretes para persoas xordocegas (SILSE-GI).

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración á razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia e no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Para articular esta acción a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará á finalidade deste convenio a cantidade de dez mil euros (10.000,00 €), que se financiará con cargo á partida orzamentaria 08.03.541B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022 (fondos propios).

O presente acordo de colaboración tramitase de acordo co establecido na orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2022, dado que as necesidades poden ser razoablemente previstas con anticipación (artigo 1 desta orde).

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as





Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Documento asinado dixitalmente

A directora xeral de Patrimonio Natural

Belén M<sup>a</sup> do Campo Piñeiro

